

É a hora da aposta pola **ATENCIÓN PRIMARIA**



CIG-SAÚDE exige do goberno da Xunta de Galiza e do seu presidente Núñez Feijóo que aposten por unha Atención Primaria de calidade, e deixen de facer campaña política coa saúde da poboación.

A Atención Primaria vai ser a garante dunha prestación sanitaria de calidade no COVID-19, pese ás medidas de desmantelamento do goberno da Xunta de Galiza; como xa o é no resto de atención á saúde da poboación.

Mais Feijóo, agora, para a atención do COVID presenta unha serie de medidas que afondan na súa precarización, e non achega as solucións que a Atención Primaria necesita.

Desde CIG-SAÚDE, reiteradamente, vimos exixindo:

- A negociación na Mesa Sectorial dun **Plano de Ordenación de RRHH** que identifique as necesidades de persoal na Atención Primaria, para cubrir estas prazas con persoal estable.

Que anuncia Feijóo? Reforzar a atención primaria. **Como?** Con contratos por días e con vínculos de longa duración que consolidan a precariedade, rexeitados por todos os profesionais.

- Que se publiquen as **conclusións dos grupos de traballo de Atención Primaria**, eses grupos de expertas/os formados por traballadoras/es da sanidade pública, sobre todo no referente a:
 - Mapa de competencias de todos os grupos profesionais: médicas/os, enfermeiras/os, matronas, fisioterapeutas, PSX, TCAEs, traballadoras/es sociais, odontólogas/os, hixienistas, ...
 - Os protocolo de relación primaria-hospital...

Que anuncia Feijóo? Que se van a implementar protocolos de relación primaria-hospital sen ter en conta o traballo das/os profesionais. **Tamén anuncia** o incremento do horario dos centros de saúde, cando moitos destes centros xa teñen unha prestación de servizo até as 21hs, van crear unha quenda nocturna?

Do que non fala Feijóo:

- Non Fala de dotar á Atención Primaria **do orzamento necesario** para que a Atención Primaria poida desenvolver a súa actividade, ofrecendo a asistencia sanitaria que as/os profesionais queren dar á poboación.
- Tampouco fala da creación **da Xerencia de Atención Primaria**, e da súa estrutura directiva que permita facer a planificación sanitaria dacordo coas necesidades sanitarias da poboación, que lles permita dotar este nivel de asistencia das/os profesionais necesarios.

Desde CIG-SAÚDE exiximos ao Presidente do Goberno:

- Que escoite as/os profesionais, e que cumpra coas súas obrigas legais de negociar na Mesa Sectorial do SERGAS os cambios das condicións de traballo do persoal.
- Que elabore un verdadeiro Plano de Atención Primaria, elaborado a partires das conclusións dos grupos de expertos da sanidade pública.

Todas as novas anunciadas por Feijóo soan a súa campaña política. Non achegan ningunha solución ás demandas das/os profesionais.